
II Congreso Internacional Online do Observatorio para a Cibersociedade

- Actualizado (26.09.2005)

O Cesga está participando na organización do 2º Congreso Internacional Online del Observatorio para la Cibersociedad, que leva por título "¿Cara que Sociedade do Coñecemento?", e que se vai celebrar do 2 ó 14 de novembro.

Convidamos a participar neste congreso: a investigadores e docentes de ciencias sociais e humanas para que presenten as súas recentes investigacións e reflexións; a investigadores e docentes das ciencias tecnolóxicas para que dean a coñecer as súas innovacións e reflexións; á Administración e á Empresa para que dean conta das súas experiencias; á sociedade civil (ciudadanía) para que presenten as súas impresións, comentarios e experiencias acerca da interacción coas TICs e a Sociedade do Coñecemento.

Este congreso, que se concibe como un espazo independente de reflexión colectiva, é probable que se complemente coa realización de seminarios presenciais en diversos lugares do mundo.